

NOTAS SOBRE O FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA EN SECUNDARIA

No inicio do curso escolar abre as súas portas a biblioteca do centro, a ela podeades acudir os titores e/ou mestres especialistas sempre que queirades para:

- **Facer préstamo con todo o curso**, de xeito que eles escollan os libros que van querer ler. **Para facer o préstamo con todo o grupo existen dúas opcións:**

- **Mandar subir ao alumnado á biblioteca, ou ben no recreo**, onde os alumnado seá atendido polo persoal de garda que se encargarán do préstamo.

- **Subir con todo o curso na hora de biblioteca que cada curso ten asignada**; para asignar estas quendas, no inicio do curso escolar habeá un horario na porta da biblioteca onde cada titoría pode escoller a hora semanal que mellor lle conveña para subir á biblioteca. Ter esa hora semanal reservada non quere dicir que os cursos non poidan subir á biblioteca noutro momento que o consideren axeitado pero sí que debemos facelo respetando as quendas dos demais cursos. **As titorías que escollan esta opción deberán respetar o sistema de préstamo establecido na biblioteca**, facendo eles mesmos o préstamo no ordenador (habeá unha chuleta enriba da mesa para que todos poidades facelo), anotando os libros prestados nunha folla tipo que está por enriba da mesa do ordenador dos préstamos para que posteriormente o equipo de biblioteca pase o préstamo ao ordenador, ou escollendo unha hora de visita á biblioteca na que teña garda algún membro do equipo para que vos poidan facer o préstamo no ordenador (no horario da porta está escrito en que horas hai gardas na biblioteca por se queredes escoller esta posibilidade).

- **Para consultar calquera información, tanto nos libros de consulta coma nos seis ordenadores que ten a biblioteca (dous ordenadores de mesa e catro portátiles).**

- **Para ver vídeos de Internet ou películas co canón e a pantalla.**

- **Para escoltar música.**

- **Para facer traballos: murais, escritos, ...**

* **Ademáis dos profes cos seus grupos, o alumnado pode subir á biblioteca libremente en calquera recreo**; este ano imos cambiar o sistema de préstamo en primaria pero en secundaria imos manter o

sistema de préstamo en primaria pero en secundaria imos manter o sistema de préstamo que había de xeito que o alumno que queira un libro teá que ir no recreo á biblioteca para que o mestre que está de garda na biblioteca lle anote o préstamo. Enriba da mesa do ordenador onde se fan os préstamos habedá unha chuleta coas instruccións para facer o préstamo no ordenador..

- * **Para facilitar a busca de libros na biblioteca e garantir o seu funcionamento, no inicio do curso escolar se intentará programar unha actividade de formación de usuarios con cada titoría .**

* En Primaria funcionan durante todo o curso dúas actividades de animación á lectura que son o **Xogo do gran lector e as mochilas viaxeiras**; no caso de secundaria estamos pensando en facer un **club de lectura** que se reúna unha vez ao mes en dous recreos para facer das súas lecturas favoritas e opinar sobre unha lectura proposta polo coordinador do club.

* A biblioteca pretende ser un **espacio dinámico no que cada quince ou vinte días se propoña un tema en función do cal deseñamos murais, decoramos a biblio, preparamos exposicións de libros e levamos a cabo actividades de animación á lectura** (lecturas, dramatizacións, visitas de autores e contacontos, ...) das que vos informamos puntualmente con carteis que reparten os axudantes de biblioteca polas aulas para que coloquedes nun lugar visible. As actividades de animación sempre se programan no recreo de primaria porque é algo máis longo que o de secundaria. No caso de secundaria podería haber certa coordinación cos departamentos de linguas para facer coincidir a temática do momento con visitas de autores ou actividades similares.

* Na ~~páxina~~ web do cole hai un apartado adicado á biblioteca, dende alí podedes acceder ao **blog da biblioteca**, onde imos dando boa conta de todas as actividades que levamos a cabo na biblioteca e que ademais pretendemos converter pouco a pouco nun blog de recursos no que poidades atopar suxerencias de lecturas e outros materiais (vídeos, presentacións, ...) que poidades empregar nas aulas.

* Estamos abertos a outras suxerencias que nos queirades facer.